

EXPEDIENTE:	2026/00030242N
PROCEDIMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA “ROSALÍA DE CASTRO” PARA O BACHARELATO INTERNACIONAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

COMPARECEN

Dunha parte, a Excm. Sra. Dona Goretti Sanmartín Rei, que actúa en nome e representación do CONCELLO DE SANTIAGO, do que é Alcaldesa. E da outra parte, Sra. Dona Gemma Paredes Suárez, que actúa en nome e representación do IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO, do que é Directora, con domicilio profesional na Rúa San Clemente, s/n e CIF: Q-6555198 H.

Comparece a primeira en calidade de Alcaldesa-Presidenta, en nome e representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela (en adiante Concello), con CIF P-1507900-G, e domicilio na cidade de Santiago de Compostela, Pazo de Raxoi - Praza do Obradoiro, en tanto que a segunda actúa en calidade de Directora do IES PLURILINGÜE Rosalía de Castro (en adiante IES Rosalía de Castro) co CIF: Q-6555198 H, e con domicilio profesional na Rúa San Clemente s/n

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para o presente outorgamento na condición en que respectivamente interveñen e, en consecuencia,

MANIFESTAN

A súa vontade de colaboración para apoiar o Bacharelato Internacional que está a promover o IES Rosalía de Castro na cidade de Santiago de Compostela.

CONVEÑEN

I.- Que o Concello, co obxecto de propiciar e apoiar aquelas iniciativas que redunden na mellora das ofertas educativas dos cidadáns de Santiago, sobre todo dos máis novos, considera que é de interese apoiar ao IES Rosalía de Castro para o desenvolvemento do Bacharelato Internacional que se está a ofertar neste centro dende o ano 1989.

II.- O Bacharelato Internacional foi creado hai máis de trinta anos pola Organización do Bacharelato Internacional (OBI) que é unha fundación educativa privada non gobernamental, sen ánimo de lucro, recoñecida polo Consello de Europa. Ten a súa sede en Suíza e ofrece o Programa do Diploma para os estudantes dos dous últimos anos de educación secundaria. Conta co auspicio da Unesco e de importantes

fundacións internacionais, ademais involucra aproximadamente a 1000 colexios e institucións en máis de cen países.

En España hai 45 centros que ofrecen esta modalidade, nalgunha das súas tres modalidades. De todos eles, 20 son centros públicos. O IES Rosalía de Castro incorporou este tipo de ensino no ano 1989 e dende entón ven preparando con éxito xeracións de xoves investigadores e pensadores, informados e instruídos. Cada ano teñen unha media de 55 alumnos/as matriculados neste tipo de Bacharelato. Estes, elixen o BI non só polo seu rigor académico senón tamén porque se axusta perfectamente ás necesidades do s.XXI.

O seu currículo prepara para a obtención do Diploma e para a obtención do Bacharelato nunhas condicións moi completas, que permite aos seus graduados cumprir cos requisitos de varios sistemas europeos de educación. O modelo do seu programa de estudos non se basea no de ningún país concreto, aínda que integra os mellores elementos de moitos deles.

As características definitorias desta modalidade educativa son:

- Unha mellor preparación para o futuro académico.
- Os grupos son máis reducidos e o ensino máis personalizado.
- Apréndese a estudar e traballar dunha forma máis parecida á que se pedirá na Universidade.
- Apréndese a investigar.
- Aprenden a expresarse con corrección e eficacia, oralmente e por escrito, en español e inglés/alemán/francés.

Para participar nesta modalidade de bacharelato, o IES Rosalía de Castro debe pagar á Organización do BI cada curso escolar unha taxa fixa nun prazo establecido pola OBI.

A taxa anual de matrícula do alumnado (Diploma Annual Fee) para o curso escolar 2026/2027 é de 9.420,00 euros.

A primeira promoción do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro comezou no curso escolar 1989-90 e actualmente son 37 as promocións que teñen saído nese centro.

III.- Que a subvención que se instrumenta mediante este convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos art. 22.2 e 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 das Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

O presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinalan as bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026, no senso de afirmar que a tramitación do expediente cumpre tódolos requisitos establecidos na normativa de aplicación e nas presentes bases de execución.

IV.- O Concello de Santiago de Compostela aportará unha cantidade de 6.208,00 €, para sufragar os custes desta modalidade de ensino, que o concello de Santiago de Compostela ten contemplados nos Orzamentos municipais, na aplicación orzamentaria 080.32400.4890001

Consonte o artigo 31.1 da Lei 38/2003 considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido neste Convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos contemplados neste Convenio deberán referirse a gastos derivados do desenvolvemento da modalidade de ensino denominada Bacharelato Internacional para o curso 2026/2027, en concreto a taxa anual de matrícula do alumnado (Diploma Annual Fee) para o curso escolar 2026/2027 que ascende a cantidade de 9.420,00 euros devengada e pagada durante o ano 2026. En ningún caso poderán xustificarse con gastos derivados da compra de bens inventariábeis, consonte o artigo 31 da Lei 38/2003.

Esta subvención, de acordo co contemplado no artigo 28.3 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, ten carácter singular xa que é a única modalidade deste bacharelato que se imparte na cidade de Santiago de Compostela, polo que non procede a súa convocatoria pública.

V.- O IES Rosalía de Castro comprométese a promocionar e difundir este programa e a presentar unha Memoria das accións incluídas neste programa, onde se faga referencia aos mozos/as matriculados/as, actividades que se promoven, e outros datos que permitan ao Concello de Santiago estar informado en todo momento sobre o Bacharelato Internacional.

VI.- O orzamento recollido neste Convenio destinarase a sufragar os gastos derivados do desenvolvemento da modalidade de ensino denominada Bacharelato Internacional para o curso 2026/2027, en concreto a taxa anual de matrícula do alumnado (Diploma Annual Fee) para o curso escolar 2026/2027 que ascende a cantidade de 9.420,00 euros, devengados e pagados durante o ano 2026.

VII.- O IES Rosalía de Castro deberá xustificar o orzamento con data límite do 6 de novembro de 2026.

VIII.- Para a xustificación do orzamento o IES Rosalía de Castro comprométese a xustificar os gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, que deberá realizarse presentando no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela a conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto emitidos e pagados antes do 6 de novembro de 2026, consonte o artigo 72 do Real decreto 887/2006.

A conta xustificativa conterá ademais a seguinte documentación:

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto ou actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración das subvencións solicitadas, concedidas ou que aínda están pendentes de conceder.

IX.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio

dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 3.17 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

X.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Educación. O/a responsable técnico/a emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

XI.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Educación e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

XII.- O incumprimento destas obrigas dará lugar á revogación da subvención. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

XIII.- Para o seguimento, vixilancia e control de execución do convenio e dos compromisos adquiridos, créase unha comisión de seguimento que estará formada polos seguintes membros:

-Polo Concello de Santiago: A Concelleira de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica, e un/unha técnico/a do Departamento de Educación.

-Polo IES Rosalía de Castro: O/A director/a do IES Rosalía de Castro e o/a coordinador/a do Bacharelato Internacional.

XIV.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entres as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.

XV.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa, está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2007 de Contratos do Sector Público, segundo o sinalado no seu art. 6 sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución, e efectos do mesmo, será resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei

29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

XVI.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ao procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, relativos ao exercicio da potestade sancionadora.

XVII.- De acordo co disposto no artigo 18.4 da Lei Xeral de Subvencións deberase dar axeitada publicidade do financiamento do Departamento de Educación do concello de Santiago de Compostela para o Bacharelato Internacional (tanto na comunicación oral, na dixital como na escrita). Para tal efecto, o Departamento de Educación facilitará ao IES Rosalía de Castro o logotipo oficial que deberán utilizar na documentación e información visual e escrita. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, o presente instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

XVIII.- O presente convenio estará vixente durante o ano 2026.

Os comparecentes, no concepto no que o fan, dan a súa conformidade ao presente convenio de colaboración, asinándoo de xeito electrónico nas datas expresadas en cada unha das sinaturas.

**Polo Excmo. Concello de
Santiago de Compostela**

Polo IES Rosalía de Castro

Goretti Sanmartín Rei

Gemma Paredes Suárez